

WIKI

Un wiki (*en hawaiano wiki = rápido*) é un sitio web onde as páxinas poden ser editadas por múltiples voluntarios a través do navegador web. Os usuarios poden crear, modificar ou borrar un mesmo texto que comparten. Os textos ou “páxinas wiki” teñen títulos únicos. Se se escribe o título duna “páxina wiki” en algún lugar do wiki entre dobres corchetes, esta palabra convértese en un enlace web á páxina wiki.

A aplicación de maior peso e á que debe a súa maior fama ata este momento foi a creación de enciclopedias colectivas, pero existen moitas outras aplicacións como á coordinación de informacións e accións ou a posta en común de coñecementos ou textos dentro de grupos.

Ward Cunningham foi quen inventou y deu o nome ao concepto wiki e creou o primeiro WikiWikiWeb en 1995.

En 2001, os fundadores do proxecto de enciclopedia Nupedia, Jimbo Wales e Larry Sanger, decidiron utilizar un wiki como base para o proxecto de enciclopedia Wikipedia.

O Wiki máis grande que existe é a versión ien inglés de Wikipedia. Os wikis fóra de Wikipedia son moito máis pequenos e con menor participación de usuarios, xeralmente porque son máis especializados.

A principal utilidade dun wiki é que permite crear e mellorar as páxinas de forma instantánea, dando unha liberdade ao usuario moi grande, e por medio dunha interfaz moi sinxela.

Dada a rapidez con que se actualizan os contidos, a palabra “wiki” adopta todo o seu sentido. O “documento” de texto resultante, denominado tamén “wiki” ou “WikiWikiWeb”, é producido tipicamente por unha comunidade de usuarios.

CARACTERÍSTICAS:

Un wiki permite que se escriban artigos colectivamente (co-autoría) por medio dunha linguaxe de wikitexto editado mediante un navegador. Unha páxina wiki singular chámase “páxina wiki”, e o conxunto de páxinas (normalmente interconectadas mediante hipervínculos) e o “wiki”. É moito máis fácil e sencillo de usar que unha base de datos.

Outra característica que define a tecnoloxía wiki é a facilidade con que as páxinas poden ser creadas e actualizadas. En xeral non fai falla revisión para que os cambios sexan aceptados. A maioría de wikis están abertos ao público sen necesidade de rexistrar unha conta de usuario. As veces hai que facer un login para obter unha cokie de “wiki-firma”, para autenticar as edicións propias. Outros Wikis máis privados requiren autenticación de usuario.

OS WIKIS EN EDUCACIÓN

O uso dos wikis en educación non está moi extendido, tal vez porque poden ser vistos como unha tecnoloxía “rupturista” fronte á estrutura unidireccional da maioría das aplicacións web xa que outorga dereitos simétricos a todos os participantes, que basea o seu éxito na actividade colectiva de reflexión e comunicación e na auto-organización da comunidade. Pese a elo, os wikis xogan cada día un papel máis destacado dentro de entornos tradicionais. Un exemplo desta integración é Moodle, un entorno socio-construtivista de ensinanza-aprendizaxe, de código aberto, que ofrece un wiki entre outras ferramentas como foros, chat, obxectos de aprendizaxe, leccións, glosarios, tarefas, etc para realizar actividades didácticas online.

Lott elaborou unha lista de usos típicos de wikis en educación. Estes son algúns deles:

1. Espazo de comunicación da clase.
2. Espazo de colaboración da clase/Base de coñecementos.
3. Espazo para realizar e presentar tarefas/ Portafolios electrónico.
4. Arquivo de textos en proceso de elaboración.
5. Manual de clase/Autoría colaborativa.
6. Espazo para proxectos de grupo.

WEBQUEST

É unha ferramenta para o traballo didáctico que consiste nunha investigación guiada, con recursos principalmente procedentes de Internet que promove a utilización de habilidades cognitivas superiores, o traballo cooperativo e a autonomía do alumnado e inclúe unha avaliación auténtica.

Son definidas como “ Unha aplicación das estratexias de aprendizaxe por descubrimento guiado a un proceso de traballo desenvolvido polo alumnado utilizando os recursos da WWW. Consisten en presentarlle ao alumnado un problema con un conxunto de recursos preestablecidos polo autor da mesma, evitando así a navegación sen rumbo dos estudantes na WWW”.

Os WebQuest son utilizados como recursos didácticos polos profesores, porque permiten o desenvolvemento de habilidades de manexo de información e o desenvolvemento de competencias relacionadas coa sociedade da información.

Starr dice que un WebQuest debe construírse sobre unha tarefa atractiva e que provoque procesos de pensamento superior. Trátase de facer algo coa información. O pensamento pode ser creativo ou crítico e implicar a solución de problemas, enunciación de xuízos, análise ou síntese.

Para desenvolver un WebQuest é necesario crear un sitio web que pode ser construído por un editor HTML, un servidor de blog ou con un procesador de textos que poida gardar arquivos como unha páxina web.

Non hai que confundir un WebQuest con “caza del tesoro”. Unha “caza del tesoro” é algo moito máis sinxela.

TIPOS DE WEBQUEST:

1. Curta duración

- Obxectivo: A adquisición e integración do coñecemento dun determinado contido de unha ou varias materias.
- Duración: Deséñase para ser terminado de un a tres períodos de clase.

2. Larga duración

- Obxectivo: Extensión e procesamento do coñecemento.
- Duración: Entre unha semana e un mes de clase.

3. Miniquest

- Obxectivo: É unha versión das WebQuest que se reduce a só tres pasos: introdución (escenario), tarefa e resultado (produto). É unha boa maneira de iniciar ao alumnado na utilización das TIC.
- Duración: Pode levarse a cabo en 50'.

REDES SOCIAIS

As redes sociais son estruturas sociais compostas por grupos de persoas que están conectadas por un ou varios tipos de relacións (amizade, parentesco, intereses comúns ou que comparten coñecementos).

A orixe das redes sociais remóntase, polo menos, a 1995, cando Randy Conrads crea o sitio web classmates.com. Con esta rede social pretende que a xente poda recuperar e manter o contacto con antigos compañeiros.

En 2002 comezan a aparecer sitios web promocionando as redes de círculos de amigos cando o termo usábase para describir as relacións nas comunidades virtuais. En 2003 coa chegada de sitios como MySpace ou Xing, popularizáronse moito mais.

Tipos de redes sociais en Internet:

Non hai unanimidade entre os autores á hora de propoñer unha tipoloxía concreta. En algúns sitios aplícase a mesma tipoloxía que no seu día se utilizou para os portais:

- Horizontais: buscan prover ferramentas para a interrelación en xeral (facebook, google +, Hi5, Bebbbo).
- Verticais por tipo de usuario: dirixidos a un público específico (profesionales LinkedIn, amantes de los gatos MyGatSpace)
- Verticales por tipo de actividade: os que promoven unha actividade particular (Vídeos YouTube, Microbloggin Twitter)

Redes sociales para educación:

Juan José de Haro no seu Blog Educativa propón a seguinte clasificación:

1. Verticales

- Para menores de 13 anos: Wall.fm, Grouply, Educa Network, Schoology, Edmodo, RedAlumnos, Twiducate.
- Para maiores de 13 anos: Shoutem, Social Go, Nig, Mixxt, Grou.ps, Spruz.

2. Horizontales

- Para menores de 13 anos: Friendfeed, Google Buzz
- Para maiores de 13 anos: Plurk, Facebook, Twitter, Gnos.

Como resumo el recomenda Ning se os alumnos teñen 13 ou máis anos e Edmodo e edu 2.0 se os alumnos non teñen 13 anos.

A rede de buenas practicas 2.0 fala ademais de outras dúas redes que parecen moi interesantes tanto para a laborr orientadora como para a actividade de clase:

- Pinterest: funciona como un tablón de anuncios en liña e permite organizar todo o que nos interese.
- Scoop.it: É un sistema que nos permite crear un blog de recursos.